



Óscar López Pouso,
Dpto. de Matemática Aplicada,
Universidade de Santiago de Compostela.
Tel.: 881 81 32 28,
Email: oscar.lopez@usc.es.

Estimados compañeiros/as:

Dende o pasado 15 de outubro de 2018 son o novo director do grupo de traballo da materia *Matemáticas II*.

Aproveito esta presentación para recordaros que, aínda que os estudantes serán debidamente informados o día da proba, no caso de que resolvan exercicios correspondentes ás dúas opcións (A e B), só se lles avaliarán os correspondentes á opción do primeiro exercicio ao que dean resposta.

Na mesma liña que o curso pasado, poderanse empregar calculadoras non programables e sen capacidade gráfica, e insítese no feito de que tódolos procesos conducentes á obtención de resultados deben estar razoados.

Lembremos tamén que na páxina *web* da CiUG (ciug.gal) figuran os exames, solucións e criterios de avaliación das últimas convocatorias.

No nome dos membros do grupo de traballo e no meu propio fágovos saber da nosa dispoñibilidade para axudarvos en todo aquilo que poidamos.

Recibide un cordial saúdo,

Asdo.: Óscar López Pouso.

En Santiago de Compostela, a 30 de outubro de 2018.